



EDUCADOR
SOCIAL
EN ALASKA.

Nº 48 | Abril de 2011 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Lisboa, 20 – baixo
15707 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981938274
ceesg@ceesg.org
www.ceesg.org

Educador Social en Alaska. Xira por Galicia

Venres, 29 de abril de 2011. Escribir xusto despois de que pasase algo ten o risco de que as emocións desborden o papel. Facelo bastantes días máis tarde, como estou a facer eu agora, neste preciso momento, ten o risco de que as emocións de entón queden demasiado domesticadas. Ou non queden.

A cuestión é que o pasado 13 de abril aterrámolos de novo en Santiago para actuar na Universidade da Coruña e ao día seguinte para facer o mesmo na de Vigo (Campus de Ourense). Todo estaba organizado polo Ceesg e as dúas universidades.

Actuar na universidade con noso “Educador social en Alaska” ou facelo nun teatro convencional ten os seus matices. O primeiro, obvio, é que os estudantes engaden á curiosidade e o interese por unha obra artística, as ganas de saber un pouco máis do oficio ao que están a dedicar os seus anos de estudo. Algo que nós mesmos comprobamos cando, despois da obra, facemos un forum con eles e os seus profesores e notamos as súas miradas, as súas observacións, os seus silencios respectuosos e atentos.

Para a nosa compañía de teatro é un privilexio poder comentar con elas e eles a xogada, contestar as súas preguntas, debater os temas que viron en escena ou explicar as reviravoltas da obra; un diálogo entre a arte e a profesión de educación social.

Falaba das emocións. Estes dous días na Coruña e Ourense, como un mes antes en Santiago, son para Los Sánchez unha sorte. Poder actuar xa o é. Presentar o teu traballo, o teu proxecto, a túa artesanía ao público.

Logo está o outro, o que non sempre está nunha xira moi longa onde hai de todo, pero que en Galicia sempre está. Unha paisaxe preciosa que nos encandea e, sobre todo, un trato humano que nos deixa con morriña galega, como atontados, durante uns días, xa na casa. Porque a xente do Ceesg, as Sofías, as Lauras, os Alfonsos, esas e eses que non nomeo porque

non me quero esquecer nin un, os profesores da Universidade, os seus alumnos, etc, lévante polo aire, trátante tan ben e fante sentir tan cómodo que só ten un que preocuparse do que ten un que preocuparse. Tentar dalo todo no escenario e que o público goce.

Falaba da educación social. No meu blog xa comentei en máis dunha ocasión a necesidade de que a universidade abra as súas portas aos profesionais en activo. Nese sentido, a nosa obra de teatro tamén está a servir, de rebote, para poder compartir e confrontar a nosa experiencia como artistas e profesionais da educación social coa dos estudantes e profesores da universidade. Un diálogo absolutamente imprescindible para calquera profesión.

Teoría versus práctica versus arte.

A nosa compañía está agradecida ao Ceesg e á Universidade da Coruña e Ourense por esta oportunidade única. Polas educadoras sociais do Ceesg, ademais de agradecemento, sentimos admiración, elas sábeno. Teñen unha enerxía e unha motivación postas ao servizo do presente e o futuro da nosa profesión admirables.

Por todo iso, e polos acompañamentos, a axuda loxística, os debates profesionais, as risas, o agarimo e os *maloserá*, moitas grazas.

Sera Sánchez

Factoría
Los Sán-
chez



(Máis información da xira por Galicia en <http://eleducadorsocialenalaska.blogspot.com>)

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Asistencia ás aulas de 3º de Educación Social da Universidade de Santiago, para unha sesión de orientación sobre as saídas profesionais da Educación Social. A área de orientación laboral da Universidade convidounos a compartir esta sesión, no marco da materia "Formación e orientación ocupacional". Foi o día 5 de maio.
- Asistencia á xuntanza ordinaria do Foro Galego de Inmigración (asociacións da zona de Santiago), que tivo lugar o día 6 de abril en Santiago de Compostela.
- Asistencia á concentración contra a guerra de Libia, que tivo lugar o día 7 de abril en Santiago de Compostela, convocada pola Coordinadora Galega pola Paz.
- Asistencia e participación na xornada técnica "A proba pericial", organizada por Unión Profesional de Galicia en Santiago de Compostela o día 8 de abril. O Ceesg participa nunha das mesas redondas da xornada.
- Reunión da Xunta de Goberno o día 8 de abril na sede do Ceesg.
- Participación e asistencia en Sevilla os días 9 e 10 de abril á Asemblea Xeral Ordinaria do Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales.
- Asistencia e colaboración na organización da obra de teatro "Educador Social en Alaska", en colaboración coas Universidades de A Coruña (13 de abril) e Vigo (Ourense, 14 de abril)
- Reunión do grupo de traballo Fiadeiras, o día 14 de abril na sede do Ceesg.
- Asistencia á proxección de dúas curtas productas dun curso desenvolvido por ACSUR Las Segovias de edición de vídeo participativo. As curtas son: "Sempre foron cinco" (unha homenaxe ás avoas e aos seus petos, de onde sacaban os cartos reservados) e "Minar" (sobre a desfeita ambiental que queren facer nas Fragas do Eume)
- Participación no programa da Televisión de Galicia 'Falámolo'. Este espazo televisivo dedicado a temas sociais, dedicará unha pequena mesa redonda á elección de colexio por primeira vez para un fillo ou filla. Explicamos tamén a relación dos/as profesionais da Educación Social co profesorado e alumnado. Emitirase en datas próximas.
- Asistencia ao debate no Parlamento de Galicia sobre o Proxecto de lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, ao que xa fixemos achegas previamente á fase parlamentaria. Tivo lugar o día 26 de abril.
- Asistencia á presentación dos resultados da diagnose dos servizos sociais na provincia de Lugo, traballo realizado nos últimos meses, e que constitúe o primeiro estudo destas características na provincia. Foi o día 29 de abril en Lugo.

ARTIGO DE INTERESE: Fiadeiras

Contacto: fiadeiras@ceesg.org

Os tempos de cambio e compromisos renovados son chegados ao Ceesg. Neste contexto, e tras ser aprobado pola Xunta de Goberno, vimos de constituír o grupo de traballo **Fiadeiras**, que centra o seu interese no ámbito da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. A proposta é xerar un espazo para o encontro, reflexión e traballo profesional das educadoras e educadores sociais da nosa comunidade, encamiñado a romper cos modelos sexistas que seguen a frear a día de hoxe os avances cara unha sociedade democrática e xusta.

Os valores fundamentais que sosteñen o noso quefacer son a *Igualdade*, a *Xustiza Social*, a *Sororidade* e a *Non Violencia*; imprescindibles para comprometer a praxe do Ceesg e situar a igualdade de xénero como valor central da práctica educadora.

Dende **Fiadeiras** desenvolveremos diferentes actuacións que serán presentadas en acto público o vindeiro mes de setembro, organizadas entorno a tres grandes bloques:

- *Actividades formativas*: encamiñadas a mellorar a for-

mación das educadoras e educadores sociais en materia de igualdade entre mulleres e homes, integrando a perspectiva de xénero como elemento crítico da súa práctica profesional.

- *Actividades reivindicativas*: encamiñadas a denunciar discriminacións que permanecen activas e limitan as posibilidades de desenvolvemento das mulleres.
- *Actividades culturais*: encamiñadas a fomentar a participación das mulleres na vida cultural e asociativa da comunidade, abrindo foros para o debate e a reflexión sobre a posibilidade dun mundo que non sexa masculino singular.

Como grupo temos a inqueda de que **Fiadeiras** contribúa a tecer redes entre as educadoras e educadores que compartimos a vixencia e lexitimidade da loita feminista, por iso queda aberta a posibilidade de incrementar os activos mediante novas colaboracións. En compañía, a tarefa de cambiar o mundo parece máis posible e real.

Tania Merelas Iglesias
Coordinadora do GT Fiadeiras

aviso

- Podes consultar na web o importe sufragado ao Ceesg durante o 2010, se vas incluílo na Declaración da Renda. Se tes interese en que se che envíe por correo postal ou electrónico só tes que solicitalo por correo-e. Recorda que podes xustificar o aboamento destas cotas a través dos correspondentes resgardos bancarios.
- A partir de maio a versión dixital do boletín ampliará os seus contidos. Se actualmente o recibes en papel e prefires cambiar ao formato dixital só tes que notificalo ao Ceesg.

FORMACIÓN CONTINUA

VI XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS: APRENDENDO COS NOSOS MAIORES

Organiza: Asociación de Veciños de Cabreiros, Concello de Xermade e Universidade de Santiago de Compostela.

Datas: 28 de maio e 4 e 11 de xuño.

Lugar: Cabreiros (Xermade)

Contido: Estas xornadas intentan tocar distintas áreas tanto de saúde, coma de cultura, ocio... facendo estes días o máis completos posible, atendendo diversos temas de interese tanto para a xuventude coma para as persoas maiores.

Información e inscricións:

suso.rodriguez.rodriguez@usc.es

Tlf. 654166973 (Marta) / 626720088 (Mar Franco)

(De 19:00 a 22:00 h.)

VIII XORNADA DO PLDA: ADICCIÓNS E ÁMBITO EDUCATIVO

Organiza: Concellería de Benestar Social e Tenencia da Alcaldía do Concello de Vigo.

Data: 12 de maio.

Lugar: Centro Cultural NovaCaixaGalicia de Vigo (Rúa Policarpo Sanz nº 13).

Contido: A xornada pretende contribuír á revisión, actualización e posta en común sobre o papel do proceso educativo na prevención das adicciós.

Información e inscricións:

Data límite: 6 de maio.

plda@vigo.org

Tlf. 986276008

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Samos (Lugo): Bases xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público do ano 2007, do concello de Samos. Unha praza de xerente de vivenda comunitaria. BOP 1/04/11

Concello de Negreira (A Coruña): Bases para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo. Encargado/a de centros culturais. BOP 15/04/11

OUTROS

Ministerio de Cultura: Axudas de acción e promoción cultural, correspondentes ao ano 2011. BOE 04/04/11

Ministerio de Cultura: Subvencións para a promoción da lectura e as letras españolas. BOE 04/04/11

Ministerio de Cultura: Axudas á inversión en capital para incrementar a oferta legal de contidos culturais en Internet promover a modernización, innovación e adaptación tecnolóxica das industrias culturais e creativas. BOE 04/04/11

Ministerio de Industria, Turismo e Comercio: Axudas á implantación e desenvolvemento da responsabilidade social nas pequenas e medianas empresas: Iniciativa «RSE-PYME». BOE 04/04/11

Ministerio de Educación: Concurso nacional de boas prácticas para o impulso e mellora da convivencia. BOE 04/04/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Subvencións ás empresas para a creación de materiais educativos dixitais, así como da concesión de premios ao profesorado que desenvolva novos contidos educativos dixitais. DOG 06/04/11

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial. DOG 07/04/11

Deputación de Pontevedra: Premio Camen Ferro 2011. BOP 07/04/11

Deputación de Pontevedra: Subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social con sede social ou delegación permanente e continua na provincia de Pontevedra, para a realización de proxectos de servizos sociais especializados-ano 2011. BOP 08/04/11

Instituto Galego de Consumo: Concurso de premios sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 6: *Ti podes elixir, sabes canto custa o que consumes?* DOG 08/04/11

Ministerio de Educación: Axudas para participar na actividade de recuperación e utilización educativa de pobos abandonados. BOE 11/04/11

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. DOG 11/04/11

Ministerio de Educación: Premio «Marta Mata» á calidade dos centros educativos para o ano 2011. BOE 15/04/11

Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade: Subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións do Imserso para as actuacións de Turismo e Termalismo para persoas con discapacidade. BOE 23/04/11

Ministerio de Educación: «Premios Irene: La paz empieza en casa». BOE 27/04/11

OUTRAS CONVOCATORIAS

PREMIOS FRONTEIRAS DO COÑECEMENTO E A CULTURA 2011

Organiza: Fundación BBVA.

Prazo: Ata o 30 de xuño.

Contido: Unha das categorías do premio refírese a cooperación ao desenvolvemento.

Información:

BOE 11/03/2011

www.fbbva.es/awards

III PREMIOS MARÍA BARBEITO DA EDUCACIÓN EN GALICIA

Organiza: Consellería de Educación e Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Prazo: Ata o 30 de xuño.

Contido: O premio contempla dúas convocatorias, unha dedicada a salientar a Investigación Pedagóxica e o outra orientada á Innovación e á Experiencia Pedagóxica.

Información:

www.usc.es